

BASES DO XIV CONCURSO DE DISFRACES E COMPARSAS 2025

PRIMEIRA

A Concellería de Cultura do Concello de Begonte, organiza o XIV Concurso de disfraces e comparsas 2025, co obxectivo de consolidar como unha festa de tradición popular que potencie a participación da cidadanía, tanto do núcleo urbano como do rural, dunha forma activa e divertida o Entroido, que terá lugar o vindeiro sábado, 8 de marzo de 2025 en Baamonde.

SEGUNDA. - Participantes

Poderán presentarse ao concurso tódalas persoas, agrupacións ou asociacións que o desexen, que previamente efectuarán a súa inscrición ata o mércores, 5 de marzo de 2025 ás 14:00 h.

TERCEIRA.- Modalidades

As modalidades para inscribirse no concurso atendendo ao número de participantes son:

INDIVIDUAL OU PARELLAS.- Inclúense nesta modalidade, os disfraces formados por 1 ou 2 participantes e subdivídese en 2 categorías: *infantil* (formado por menores ata 14 anos inclusive) e *adult@* (formado por 2 persoas maiores de 14 anos ou unha persoa adulta acompañada dunha menor de 14 anos ou menos).

MASCARADA.- Modalidade na que se encadra a participación de pequenos grupos entre 3 e 5 compoñentes.

COMPARSAS.- Estarán incluídos nesta modalidade os grupos formados por 6 ou máis participantes, gardando coherencia e uniformidade os disfraces entre si.

No desfile só se poderá participar nunha modalidade co mesmo disface, no caso de incumprimento quedará descalificado.

CUARTA.- Inscricións

As bases e o formulario para realizar a inscrición están dispoñibles na web en <http://www.concellodebegonte.es/gl/actualidade>, no Taboleiro de anuncios do Concello de Begonte e no Taboleiro de anuncios da [sede electrónica do Concello de Begonte](#).

Existen dúas opcións de presentación de inscricións:

1. Presencialmente nas oficinas municipais no Rexistro Xeral do Concello de Begonte cubrindo o **Anexo I Inscrición**.

2. Electronicamente en <https://begonte.sedelectronica.es/info.0>, seleccionando Procesamento electrónico (tramitación electrónica) na opción **Inscripción concurso de disfraces e comparsas**, descargando o Anexo I Inscripción, cubrindo e achegando (subindo) o documento de solicitude.

Para a presentación das solicitudes electronicamente poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello de Begonte, incluído o sistema de usuario e clave (http://clave.gob.es/clave_Home/registro.html).

O prazo improrrogable de inscrición rematará o mércores 5 de marzo de 2025 ás 14:00 h.

A orde de desfile levarase a cabo por rigorosa orde de rexistro da inscrición e farase pública, por modalidade, na web do Concello o venres 7 de marzo de 2025.

QUINTA.- Requisitos

Tódalas modalidades deberán nomear a un representante legal maior de idade, para realizar tódolos trámites. No caso de participantes menores de idade, o representante legal será responsable, en todo momento, do menor durante o concurso.

Aquelas comparsas que traian estruturas ríxidas non desmontables, deberán comprobar que as súas dimensións se adecúan ós 195 cm de alto e 215 cm de ancho, que permiten o acceso ao pavillón.

As comparsas que desexen que a organización lles poña a música durante o desfile deberán enviar o arquivo da música, que terá unha duración máxima de 4 minutos, en formato mp3 xunto coa inscrición ou ben remitila antes do 5 de marzo ás 14:00 h á seguinte dirección de correo electrónico: cultura@concellodebegonte.es

Non está permitido empregar ningún tipo de artefacto pirotécnico (bengalas, nitróxeno, petardos,.....), así como obxectos cortantes ou líquidos.

SEXTA.- Mecánica do concurso

O concurso terá lugar o sábado 8 de marzo de 2025 no pavillón de Baamonde.

Os/As participantes no desfile poderán acceder ó interior do recinto entre as 15:00 h e as 16:10 h para recoller un distintivo co número e prepararse para o desfile. Este distintivo, identificará a cada participante ou grupo, ademais de indicar a orde para desfilar e por tanto, será obrigatorio levalo nun lugar visible durante todo o desfile.

A organización resérvase o dereito de entrada ao recinto daquelas carrozas cuxo desprazamento no interior poida ocasionar danos no pavimento.

Ás 16:20 h o xurado fará unha primeira revisión para coñecer a tódolos participantes. Non estar situado no posto asignado no momento da saída poderá ser motivo para a descalificación do concurso.

Ás 16:30 h comezará o desfile seguindo a orde de rexistro de inscrición por modalidade:

1º: MODALIDADE INDIVIDUAL OU PARELLAS. Realizará o percorrido que lle indique a organización e a música que utilizará será a proporcionada pola organización, a menos que precisen unha canción específica e acheguen o arquivo no prazo e formato especificados na base quinta.

2º: MODALIDADE MASCARADA: Nesta modalidade, a música que se utilizará será tamén a proporcionada pola organización, a menos que precisen unha canción específica e acheguen o arquivo no prazo e formato especificados na base quinta. Con respecto ao tempo de actuación, este non poderá superar os 4 minutos.

3º: MODALIDADE COMPARSAS. Para esta modalidade, o tempo de actuación non poderá exceder de 4 minutos.

Unha vez finalizado o desfile e trala deliberación do xurado, farase público o resultado no acto de entrega de premios na mesma zona de actuación.

SÉTIMA- Xurado

O xurado estará formado por 3 persoas de diferentes ámbitos, propostas pola Concellería de Cultura, Deportes e Educación e como secretario/a, un representante do Concello, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das bases.

O xurado á hora de valorar, terá en conta os seguintes criterios por modalidade:

MODALIDADE INDIVIDUAL

- Confección dos traxes e complexidade (de 1 a 5 puntos). Os disfraces mercados serán penalizados.
- Complexidade da maquillaxe, máscaras ou outros elementos decorativos se os houbera (de 1 a 5 puntos).
- Orixinalidade e creatividade dos disfraces (de 1 a 5 puntos).
- Posta en escena (de 1 a 5 puntos).

MODALIDADE MASCARADA

- Confección dos traxes e complexidade (de 1 a 5 puntos). Os disfraces mercados serán penalizados.
- Complexidade da maquillaxe, máscaras ou outros elementos decorativos se os houbera (de 1 a 5 puntos).
- Orixinalidade e creatividade dos disfraces (de 1 a 5 puntos).
- Posta en escena (de 1 a 5 puntos). Aquelas actuacións que excedan dos 4 minutos, serán penalizadas.

MODALIDADE COMPARSAS

- Confección dos traxes e complexidade (de 1 a 5 puntos). Os disfraces mercados serán penalizados.
- Complexidade da maquillaxe, carrozas, máscaras e/ou outros elementos decorativos (de 1 a 5 puntos).
- Orixinalidade e creatividade dos disfraces e complementos (de 1 a 5 puntos).
- Número de participantes e a súa composición interxeracional (de 1 a 5 puntos).
- Posta en escena (de 1 a 5 puntos). Aquelas actuacións que excedan dos 4 minutos, serán penalizadas.

Daranse por nulos, os concursantes que repitan disfraces de anos anteriores.

O fallo do xurado será inapelable.

OITAVA.- Premios

Para este concurso establécense os seguintes premios:

	INDIVIDUAL		MASCARADA	COMPARSAS
	INFANTIL	ADULT@S		
1º PREMIO	80 €	80 €	120 €	500 €
2º PREMIO	65 €	65 €	80 €	300 €
3º PREMIO	50 €	50 €	60 €	175 €
4º PREMIO	-	-	-	100 €
5º PREMIO	-	-	-	75 €

Os premios especiais para as comparsas e disfraces pertencentes ao Concello de Begonte, sempre que non coincidan premiadas no concurso xeral, son os seguintes:

PREMIOS ESPECIAIS CONCELLO DE BEGONTE				
	INDIVIDUAL		MASCARADA	COMPARSAS
	INFANTIL	ADULT@S		
1º PREMIO	50 €	50 €	80 €	175 €
2º PREMIO	30 €	30 €	60 €	100 €
3º PREMIO	-	-	-	75 €

*Entenderase por “pertencentes ao Concello de Begonte”, aqueles participantes individuais que estean empadroados/as neste Concello e parellas ou grupos nos que como mínimo o 50% dos/as compoñentes estean empadroados/as no Concello de Begonte na data de finalización do prazo de inscrición.

O Xurado poderá conceder algún accésit ou declarar deserto algún dos premios.

Os participantes que resulten gañadores recollerán nese intre un vale do premio.

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Begonte a través dunha transferencia bancaria.

Para poder realizar a transferencia do premio, o solicitante, representante legal do menor/da comparsa (agrupación non formal) ou asociación deberá presentar, antes do venres 11 de abril de 2025, no rexistro das oficinas do Concello ou pola sede electrónica (Instancia Xeral) a seguinte documentación:

- copia do DNI ou CIF, no seu caso.
- Certificación do número da conta.

Os premios outorgaranse a cargo da aplicación orzamentaria 334.226 do Presuposto Municipal do exercicio 2025.

A resolución de concesión dos premios realizarase mediante Decreto de Alcaldía.

Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF de acordo coa lexislación vixente.

NOVENA- Autorización do dereito de uso da imaxe e datos

En cumprimento ao disposto pola Lei orgánica 03/2018 de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Begonte informa de que os datos persoais que se solicitan nestas bases serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Begonte, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos.

Tódolos participantes polo feito de inscribirse, autorizan ao Concello de Begonte a realizar e utilizar as fotografías e vídeos tomados no transcurso do Concurso e facer uso de ditas imaxes de xeito respectuoso e responsable nas súas respectivas tarefas de información e difusión.

Se o desexa, pode acceder ós datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.

DÉCIMA.- Aceptación das bases

Os/As participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan as presentes bases.

ANEXO I INSCRICIÓN CONCURSO DE DISFRACES E COMPARSAS				Nº REX:	
DATOS DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL DO MENOR OU DA COMPARSA (agrupación non formal)					
Apelidos		Nome		DNI	
Enderezo				Concello	
Provincia	Código postal	Móbil	Correo electrónico		
DATOS DA ASOCIACIÓN					
Nome da entidade				CIF	
Enderezo				Concello	
Nome e apelidos do representante			DNI		
Cargo do representante			Correo electrónico		
INDIQUE A MODALIDADE NA QUE SOLICITA INSCRIBIRSE					
<input type="checkbox"/> INDIVIDUAL OU PARELLAS (1 ou 2 participantes)					
<p>NOME DO DISFRACE:</p> <p>INFANTIL ADULT@S EMPADROAD@/s : SI NON</p> <p>Para optar aos premios especiais do Concello de Begonte é necesario que polo menos un dos/das participantes estea empadroad@.</p> <p>NOME, APELIDOS E DNI DA PERSOA OU PERSOAS EMPADROADAS:</p> <p>..... DNI</p> <p>..... DNI</p>					
<input type="checkbox"/> MASCARADA (Grupo de entre 3 e 5 participantes)					
<p>NOME DO DISFRACE:</p> <p>OPTA ÓS PREMIOS ESPECIAIS PARA EMPADROAD@S : SI NON</p> <p>Para optar aos premios especiais do Concello de Begonte é necesario que polo menos tres participantes estean empadroad@s.</p> <p>NOME, APELIDOS E DNI DA PERSOA OU PERSOAS EMPADROADAS:</p> <p>..... DNI</p> <p>..... DNI</p> <p>..... DNI</p> <p>..... DNI</p> <p>..... DNI</p>					

COMPARSAS (6 ou máis participantes)

NOME DA COMPARSA:.....

Nº DE PARTICIPANTES ADULT@S: Nº DE PARTICIPANTES NEN@S:

OPTA ÓS PREMIOS ESPECIAIS PARA EMPADROAD@S : SI NON

Para optar a estes premios é necesario que polo menos o 50% dos/das participantes estean empadroad@s.

NOME, APELIDOS E DNI DA PERSOA OU PERSOAS EMPADROADAS:

..... DNI

..... DNI

..... DNI

..... DNI

..... DNI

..... DNI

..... DNI

..... DNI

..... DNI

..... DNI

ADXUNTO ARQUIVO DE MÚSICA EN MP3: SI NON

LEVO ESTRUTURAS RÍXIDAS: NON

SI INDIQUE: ALTURA M e ANCHO.....M

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE COA SINATURA DESTA SOLICITUDE

Declaro que le e acepta as bases do Concurso de disfraces e comparsas 2025.

Autoriza a participar ó/a(s) menor/es no concurso do Entroido do Concello de Begonte 2025.

Declaro a veracidade dos datos que figuran neste anexo e autoriza ó Concello de Begonte a solicitar ou verificar os datos que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

Autoriza ó Concello de Begonte a realizar notificacións do Concurso de Entroido a través de SMS, Whatsapp e do correo electrónico.

Autoriza a utilizar as fotografías e vídeos tomados no transcurso da participación do Entroido e facer uso de ditas imaxes de xeito respectuoso e responsable.

Foi informado/a de que esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas.

PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do/a solicitante ou representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables.

En a de de 20 .

Sinatura da persoa solicitante